



nota de prensa

A mobilización veciñal consegue a reposición do servizo de pediatría en Cuntis

O gran respaldo obtido pola manifestación do pasado día 5, así como a certeza de que as mobilizacións irían en aumento, están detrás da decisión do SERGAS de repoñer o servizo de pediatría en Cuntis e Moraña. A deputada de En Marea Flora Miranda preguntará este mércores no Pleno do Parlamento polo colapso xerado neste servizo en Cuntis.

Cuntis. 17 de decembro de 2018

A xerencia da área sanitaria de Pontevedra anunciaba este domingo que mañá martes quedaría repostado o servizo de pediatría nos centros de saúde de Cuntis e Moraña. **Detrás desta decisión está, sen dúbida, a mobilización veciñal iniciada en Cuntis con concentracións todos os venres diante do centro de saúde e que culminou coa gran manifestación do mércores día 5, na que participaron tamén veciños/as de Moraña.**

O xerente da Xestión Integrada de Pontevedra – Salnés anunciara o pasado 29 de novembro nun acto en Moraña que barallaban a reposición deste servizo para o mes de maio, feito que incrementou a indignación entre os/as veciños que valoraron esta data como de corte electoralista. **O gran respaldo que obtivo a manifestación do día 5 en Cuntis, as reaccións en redes sociais, o coñecemento de que a escalada de mobilizacións iría en aumento, a constancia de que os grupos da Corporación Municipal de Cuntis estabamos a traballar en máis medidas e a pregunta rexistrada por En Marea para o pleno desta semana do Parlamento de Galicia son as medidas de presión que obrigaron á Xunta de Galicia a recuar nas súas intencións e a repoñer o servizo de pediatría.**

O voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, valorou moi positivamente **“esta vitoria do movemento veciñal de Cuntis que defendeu con determinación un servizo tan básico como é este, cuxa supresión provocou en só dous meses o colapso do servizo en Caldas e que causou enormes dificultades a moitas familias en asuntos tan sensibles como os calendarios de vacinación, etc”**. A aposta de Veciñanza pola mobilización dende o primeiro momento fronte aos recortes en sanidade e por unha atención digna no noso centro de saúde **“demostrouse acertada, tanto polo respaldo recibido como polos resultados acadados. Con todo, estaremos vixiantes ante as intencións da Xunta de Galicia, que demostra unha incapacidade de xestión e unha improvisación nesta materia realmente preocupante”**.



nota de prensa

A xestión da Sanidade Pública en Galicia é unha caos absoluto, con conflitos e mobilizacións en todos os sectores e en moitísimos puntos do País; con dimisións colectivas de xefes dos centros de saúde de Vigo; con consecuencias fatais nos PACs (como o da Estrada); con folgas nas Urgencias do CHUS; con conflitos entre os/as técnicos/as das ambulancias; coa demanda unánime de máis medios, máis persoal e mellores condicións laborais, etc. No pleno do Parlamento de Galicia desta semana, a deputada de En Marea Flora Miranda preguntarlle ao Conselleiro de Sanidade pola xestión da pediatría que provocou o colapso en Cuntis e pola planificación a futuro para evitar situacións como as que se están a dar en moitos puntos do País. Flora Miranda traballou estreitamente con Veciñanza durante toda a crise da xestión pediátrica vivida no noso municipio nos últimos dous meses.